

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DA CONVOCATORIA DE PRAZAS CONCILIA VERÁN 2025

EXPEDIENTE: 2025/G003/000323

ANTECEDENTES:

Figura no expediente a providencia de inicio para a tramitación da convocatoria anual de prazas para as actividades de conciliación e de ocio e tempo libre (campamentos) do verán de 2025, asinada pola alcaldía en data 28/04/2025.

Figura no expediente, acordo da Xunta de Goberno Local do 29/04/2025 para fixar os prezos públicos para a participación nas ditas actividades.

Figura no expediente informe técnico dos departamentos de Servizos Sociais e de Cultura, coa proposta de procedemento para a xestión da convocatoria de prazas para actividades de conciliación e de ocio e tempo libre do verán 2025, asinado en data 05/05/2025.

Tanto no ditame da Xunta de Goberno Local como no Informe Técnico faise mención a que, o desenvolvemento da actividade queda sometida á condición de que se conceda de forma definitiva a subvención correspondente ao Plan Corresponsables 2025, e se xere o Correspondente crédito.

Coa finalidade de axilizar a instrución do procedemento de convocatoria de prazas, e coa indicación de que estas non poderán ser adxudicadas sen que anteriormente se produza a dita concesión de subvención, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

1º) Aprobar a proposta técnica de procedemento para a xestión da convocatoria de prazas para actividades de conciliación e de ocio e tempo libre (campamentos) do verán 2025, que figuran como anexo I desta resolución, elaborada polos técnicos municipais de Servizos Sociais e Cultura.

2º) Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados para os efectos oportunos.

ANEXO I.

"Tendo en conta a Providencia de Alcaldía de data 28/04/2025, na que se insta a iniciar o procedemento de convocatoria de prazas para as actividades de conciliación "Concilia Verán 2025" e para as de lecer e tempo libre "Campamentos de verán infantil e Xuvenil 2025" propónse a organización das ditas actividades de acordo coas características que a continuación se relacionan, tendo en consideración que non poderán concederse as prazas para estes servizos ata que se obteña confirmación de concesión da subvención solicitada ao abeiro do Programa "Corresponsables" da Xunta de Galicia, que se prevé en datas próximas.

1. NATUREZA:

1.1. Servizo de conciliación propiamente dito, para a atención de menores de 3 a 12 anos, de xeito que se garanta a atención das crianzas na ausencia dos seus responsables por causas laborais, formativas ou de coidados familiares: actividades matinais ao longo de todo o período non lectivo de verán, que abrangue dende o 23 de xuño ata o 5 ou o 7 de setembro, exceptuando os sábados, domingos e festivos (data de remate pendente de resolución da Xunta para inicio de curso escolar 2025-2026).

1.2. Servizo de ocio e tempo libre, como facilitador dun lugar de encontro e convivencia para menores de 8 a 17 anos, con prioridade para as familias que precisen conciliar: campamentos de pernocta en albergues, con quendas de duración de como mínimo 8 perncota, que se levarán a cabo entre o 1 de xullo e o 9 de setembro.

2. QUENDAS, DURACIÓN, PRAZAS E IDADES:s

A organización de quendas, duración, prazas dispoñibles e idades dos participantes, recóllense na seguinte táboa.

	QUENDAS	Nº DÍAS	PRAZAS MÍN-MÁX	IDADES	LUGAR
CONCILIA VERÁN 2025	23-30 de xuño	6	20-60	3 a 12 anos	Instalacións municipais ou outras instalacións públicas
	1-15 de xullo	11	20-100		
	16-31 de xullo	11	20-100		
	1-15 de agosto	10	20-70		
	16-31 de agosto	10	20-70		
	1-5/9 setembro	5/7	20-60		
CAMPAMENTO INFANTIL	A DETERMINAR	8	60	8 a 17 anos	A determinar

CAMPAMENTO XUVENIL	A DETERMINAR	8	30		A determinar
-------------------------------	--------------	---	----	--	--------------

3. PREZOS:

3.1. Realízase proposta de Prezo Público para actividades de conciliación sobre o prezo por persoa e día calculado en base aos custes da proposta de contratación.

Propónse a aprobación da redución da tarifa anterior aplicando unha porcentaxe de entre o 15 e o 50%, segundo os tramos de Renda, do que resultará un prezo final a pagar polos solicitantes encadrados en cada un dos tramos de RPP sobre IPREM:

TRAMOS SEGUNDO % IPREM	IMPTE. DA RPC EN TRAMO	APORTAC. SOBRE PREZO XERAL	PREZO XERAL/DÍA	PREZO/DÍA RESULTANTE PARA CADA TRAMO
0-50 %	0'00-300'00 €	15 %	14,49	2,17 €
50-100 %	301'00-600'00 €	25 %		3,62 €
100-150 %	601'00-900'00 €	30 %		4,35 €
150-200 %	901'00-1.200'00 €	35 %		5,07 €
+ do 200 %	+1.200'00 €	50 %		7,25 €

3.2. Realízase proposta de Prezo Público para campamentos de verán infantil e xuvenil sobre o prezo por quenda completa e persoa, en base aos custes da proposta de contratación.

Propónse a aprobación da redución da tarifa anterior aplicando unha porcentaxe de entre o 14 e o 50%, segundo os tramos de Renda, do que resultará un prezo final a pagar polos solicitantes encadrados en cada un dos tramos de RPP sobre IPREM:

TRAMOS SEGUNDO % IPREM	IMPTE. DA RPC EN TRAMO	APORTAC. SOBRE PREZO XERAL	CAMPAMENTO INFANTIL	CAMPAMENTO XUVENIL
			PREZO TOTAL/PERSONA: 507'84 €	PREZO TOTAL/ PERSONA: 585'60 €
			PREZO DÍA RESULTANTE PARA CADA TRAMO	
0-50 %	0'00-300'00 €	14 %	71'00 €	82'00 €
50-100 %	301'00-600'00 €	21 %	107'00 €	123'00 €
100-150 %	601'00-900'00 €	28 %	142'00 €	164'00 €

150-200 %	901'00-1.200'00 €	35 %	178'00 €	205'00 €
+ 200 %	+1.200'00 €	50 %	254'00 €	293'00 €

3.3. Realízase proposta para a aplicación dunha bonificación do 25% sobre o prezo resultante, para segundos e seguintes participantes da mesma unidade familiar.

3.4. Aos efectos de valorar a RPC, considérase unidade familiar para esta convocatoria a formada por:

- O pai, a nai ou os titores ou acolledores legais das persoas menores para as que se solicita praza (de non achegarse sentenza de asignación de garda e custodia e de pensión de alimentos, entenderase que non existe separación, polo que ambos os proxenitores ou non seu caso titores/acolledores, formarán parte da unidade familiar aínda non figurando empadroados ou non convivindo).
- Todos os descendentes destes que sexan menores de 25 anos que non percibiran en 2023 ingresos por importe superior ao IPREM anual (excepto bolsas), ou maiores de idade con certificación de discapacidade igual ou superior ó 65% ou incapacitados/as xudicialmente (suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada), que, en calquera dos casos, figuren empadroados e residan non domicilio familiar permanentemente e, en calquera caso, dende o 31.12.2024.
- No suposto de separación legal ou divorcio, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación coa persoa solicitante.

3.5. Ademais, teranse en conta acerca da conformación da unidade de convivencia, as seguintes consideracións:

- No suposto de proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida, considerarase que conforman unha unidade familiar independente xunto cos fillos comúns polo que, dado este caso, un solicitante podería presentar máis dunha solicitude de praza por separado.
- A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos.
- En ningún caso terá a consideración de membro computable:
 - a) A persoa proxenitora que non conviva co menor nos casos de separación legal ou divorcio, agás no citado caso de custodia compartida.
 - b) O agresor nos casos de violencia de xénero.
 - c) Os fillos convivintes durante os períodos establecidos como visitas e que teñen atribuída a custodia exclusiva ao outro proxenitor.

4. REQUISITOS PARA PARTICIPAR:

4.1. Para actividades de conciliación matinais, ter nacido entre o 01/01/2013 e o 31/12/2021

4.2. Para campamentos de pernocta, ter nacido entre o 01/01/2009 e o 31/12/2016.

4.3. Tanto as persoas solicitantes como os menores para os que se solicita a praza en ambas modalidades, deben estar empadroados/as no Concello de Brión con data anterior á publicación da convocatoria de prazas, coa única excepción dos menores participantes no programa “Vacacións en Paz”.

5.CRITERIOS PARA ESTABLECER A ORDE DE PRIORIDADE NO ACCESO:

5.1 Familias monoparentais con certificado, que acrediten documentalmente a necesidade de conciliar por razóns laborais, formativas, ou por ter outras cargas (coidado doutros menores de 3 anos ou ser coidador/a recoñecido/a de persoa dependente en grado III).

5.2. Familias cuxos dous responsables acrediten documentalmente a necesidade de conciliar, por razóns laborais, formativas, ou, só no caso dun deles, por ter outras cargas (coidado doutros menores de 3 anos ou ser coidador/a recoñecido/a de persoa dependente en grado III)

5.3. Familias cuxos dous responsables acrediten documentalmente ser dependente con necesidade de coidados e coidador/a recoñecido/a respectivamente.

No caso de que as prazas postas a disposición resultasen insuficientes para atender as solicitudes correspondentes a estes supostos, daríase prioridade por estrita orde de menor a maior Renda Per Cápita.

Si despois de atender as solicitudes con prioridade 1, 2 e 3 quedasen prazas vacantes, atenderíanse as demais solicitudes cos seguintes criterios de prioridade:

5.4. Familias cuxos responsables acrediten circunstancias recollidas no “Plan Corresponsables 2025” (artigo 6 da Orde do 3 de xaneiro de 2025, da Secretaría Consellería de Política Social e Igualdade), a saber: familias monomarentais vítimas de violencia de xénero, familias monomarentais ou monoparentais cuxo responsable acredite discapacidade do 33%, e persoas en risco de exclusión social tecnicamente valorada polos Servizos Sociais do Concello de Brión.

5.5. Si persistise a disponibilidad de prazas vacantes, atenderíase ao resto de solicitudes por estrita orde de menor a maior Renda Per Cápita.

5.6. Para o caso de que se produciran baixas ao longo do tempo de desenvolvemento do servizo, crearase unha lista de agarda ordenada por quendas.

6. CALENDARIO E PROCEDEMENTO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

6.1 CONVOCATORIA: prevista entre o 5 e o 10 de maio

6.2 PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: previsto ata o 23 de maio ás 23:59

6.3 XEITO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Preferentemente na Sede Electrónica do Concello de Brión (<https://sede.concellodebrion.org>)
- Presencialmente no rexistro auxiliar do Centro Social Polivalente -Servizos Sociais, en horario de 9:00h a 14:00h
- Por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.4 DOCUMENTACIÓN:

EN TODOS OS CASOS DEBERÁ PRESENTARSE:

- Solicitud cuberta e asinada polo representante legal solicitante (ANEXO I -na web).
- DNI da persoa solicitante.
- Libro de familia ou partidas de nacemento dos/as menores para os/as que se solicita praza, así como doutros descendentes convivintes que sexan dependentes económicamente da unidade familiar.
- Tarxeta sanitaria dos/as menores para os/as que se solicita praza.
- Declaración do IRPF do 2023 ou, si non se tivera presentado, certificado negativo de facenda acompañado dos xustificantes de ingresos, de ambos responsables legais (pai e nai).
- Informe médico no caso de ser preciso por alerxias, tratamentos, necesidades especiais do/a menor participante. Este informe non será necesario si xa se presentou para participar en concilia entroido ou concilia pascua 2025 e os responsables do/a menor consideran que continúa sendo válido e actualizado.

PARA TER ACCESO PRIORITARIO (segundo as circunstancias particulares):

- ANEXO II (na web) xustificativo de que as persoas solicitantes traballan ou realizan formación durante os días e horarios da quenda solicitada.

O anexo debe ser cuberto e asinado pola empresa contratante ou a entidade formadora. Tamén será válido o informe ou certificado propios da empresa ou entidade formadora, sempre que queden claramente reflexados os datos da persoa traballadora e a ocupación durante as datas e horarios concretos para os que solicita servizos de conciliación.

- Certificado de monomarentalidade ou monoparentalidade
- Resolución de dependencia en grado III
- Certificado de discapacidade
- Xustificación da condición de vítima de VX

O Concello comprobará de oficio o empadramento e a convivencia da unidade familiar para cada solicitude.

7. PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS:

O procedemento para a adxudicación das prazas iniciarase unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, mediante a comprobación do cumprimento dos requisitos e da achega da documentación acreditativa.

A instrución do procedemento corresponderá ao persoal do Departamento de Servizos Sociais, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos.

Elaborarase por parte do órgano instrutor unha proposta de resolución provisional que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello ata o 30 de maio, ou data posterior máis próxima á resolución do Plan Corresponsables da Xunta de Galicia para 2025,

outorgándose un prazo de 5 días naturais para que os solicitantes que non obtiveran praza aleguen o que consideren oportuno ou, no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación que se lles require para completar o expediente, preferentemente a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.concellodebrion.org>).

Transcorrido o prazo para alegar ou emendar as solicitudes requiridas e como data límite, o 10 de xuño (ou data posterior si o procedemento se retrasa de inicio polo retraso na resolución do Plan Corresponsables), o órgano instructor elevará proposta de resolución definitiva para que, sexa sometida a aprobación pola Alcaldía, que se publicará na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

As publicacións das resolucións provisional e definitiva levaranse a cabo unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes indicasen na solicitude e coas iniciais dos menores beneficiarios.

8. PAGAMENTOS, ANULACIÓNS E DEVOLUCIÓNS:

8.1. PAGOS:

Unha vez publicada a resolución definitiva, os solicitantes que obtiveran praza nos distintos servizos deberán facer efectivo o pagamento da totalidade do importe de todos os servizos nos que obtivesen praza con data límite o 18 de xuño (ou data modificada por retraso na resolución do Plan Corresponsables), ao través dos seguintes medios:

Prioritariamente a través de transferencia bancaria, indicando o nome e DNI do solicitante, e no concepto: nome/s participante/s e quenda/campamento que se abonan.

CONTA BANCO SABADELL: ES90 0081 2144 1200 0100 0606

CONTA ABANCA: ES14 2080 0327 4731 1000 0016

Presencialmente, na Tesourería municipal, si ben se advirte que este medio de pago puidera non ser válido para aquelas persoas que desexen solicitar posteriormente as axudas de conciliación que convoca a Xunta.

8.2. ANULACIÓNS, BAIXAS E DEVOLUCIÓN DE COTAS:

De cara a posibilitar a cobertura de prazas vacantes, as persoas solicitantes con praza confirmada que desexen solicitar baixas ou anulacións, deberán facelo á maior brevidade posible ao través da presentación do ANEXO III na sede electrónica do Concello ou presencialmente no rexistro auxiliar de Servizos Sociais.

As solicitudes de devolución de cotas serán atendidas unicamente si existe unha razón documentada que xustifique a baixa ou anulación.

En calquera caso, a xestión das devolucións de cotas será levada a cabo unha vez rematado o período completo das actividades."